

XAVIER VIANA

Asociación Barcas do Minho de
Chantada.

Licenciado en Antropoloxía.

CRISTINA OURO

Asociación Barcas do Minho de
Chantada.

Licenciada en Belas Artes.



Barco de dornas

Exemplo de recuperación patrimonial dende o asociacionismo cultural

Texto: **Xavier Viana**
 Debuxos: **Cristina Ouro**

Desaparecido dos ríos galegos o barco de dornas aínda permanece na memoria das persoas que viviron ou viven nas ribeiras. Esta embarcación composta por dous troncos flotantes e un piso que os une (ver debuxo 1) é lembrada polos veciños transportando madeira e pedras dunha beira á outra e, nomeadamente, chea de peixe¹.

A asociación cultural Barcas do Minho, empeñada na recuperación e recoñecemento do patrimonio, valores e costumes desenvolvidas nos entornos fluviais, procurou na construción do barco de dornas sacar do fondo dos encoros a cultura asola-

gada durante a segunda metade do século XX no nome do progreso, a razón e a ciencia.

A participación e compromiso de membros da asociación, informantes e persoas sensibilizadas coa cultura popular permitiron que a historia que a continuación relatamos sexa unha realidade.

O CAMIÑO QUE LEVA DO SOUTO A BREST

A semente ficou baixo terra nun dos soutos que podemos localizar no Agro de Xullán, mesmo á beira do

rego de Lama Travesa, e medrou ata se converter nun castiñeiro rexo e bravo admirado por ser centenario.

Motoserra a oito e tremeu a terra. Algo rosmou o operario, baixo aqueles ollos cobizosos, antes de faceres o aceno que activou o guindastre do tractor. Do todo á nada. Da fachenda ao silencio. Do souto ao remolque.

O serradoiro de Cea que o levou buliu ben en poñelo á venda, porque aínda que a madeira verde non vale moito para o choio das dornas² a lóxica do comerciante obriga ao negocio rápido. Foi alí onde Fernando³, despois de percorrer

1. A pesca foi durante anos fonte de riqueza dos lugares emprazados nos cursos dos ríos. As embarcacións naceron como medio de transporte que permitiu tanto o desenvolvemento de tecnoloxías máis avanzadas para a pesca como o paso de persoas e mercadorías dunha beira á outra.

2. Estímase a curación da madeira en 1 ano por cada centímetro de diámetro no tronco.

3. Fernando Ibarra, membro da Asociación Cultural barcas do Minho e responsable do "Proxecto" Barco de Dornas.



Debuxo 1

moreas de quilómetros na procura dunha peza que servira para a construción do barco de dornas⁴, localizou este tronco e o puido mercar. O primeiro paso xa estaba feito.

A idea nacera unhas semanas atrás nunha conversa con Avelino⁵ á sombra das poucas casas que continúan habitadas no lugar de Pincelo⁶. A embarcación, que xa coñeciamos tanto dos estudos previos realizados

por diferentes etnógrafos e historiadores⁷ como do exemplar construído pola Fundación Xosé Soto de Fión⁸, estaba totalmente desaparecida dos ríos que noutrora navegaba⁹. O conto xa o tiñamos falado, só que desta volta o retrouso ficou na cachola como un ruxe-ruxe permanente. Era o mes de febreiro do ano 2007.

Primavera. O camiión descargou o tronco, xa cortado en dous¹⁰, na eira

da Casa do Morillo¹¹, no que sería o centro de traballo dos carpinteiros durante os dous meses seguintes¹².

A materia prima e as ferramentas (ver debuxo 2) estaban preparadas para darlle forma a esta singular embarcación. Foi entón cando comezou o proceso de humanización: unha boa parte dos membros da asociación contribuíron nas labours de desbastado e pulido da madeira

4. O tamaño e o volume do castiñeiro ten que ser suficiente para poder converterse en dous troncos flotantes cunha envergadura similar que lles permita flotar en paralelo. A madeira, ademais, non pode ter nós para permitir o traballo.

5. Artesán cesteiro que continúa elaborando os cestos polo modo tradicional despois de 70 anos no oficio. Avelino é memoria viva da nosa cultura fluvial, dun sistema produtivo dependente da terra e totalmente vencellado ao río.

6. Aldea da parroquia de A Sariña (Chantada) que se atopa mesmo ao pé do río Miño.

7. Xaquín Lorenzo, Xosé Manuel Vázquez, Olga Gallego...


8. Exposta no Ecomuseo de Arxeriz (O Saviñao).

9. O barco de dornas ou dorna –non confundir ca embarcación de mar– chegou a ser unha das tipoloxías con maior expansión territorial nos ríos galegos: Miño, Avia, Cabe, Sil e, posiblemente, tamén Limia, Ulla e Lérez

10. As dimensións –en centímetros– dos troncos son: 100 (alto)x105 (ancho)x428 (longo) e 99x110x428.

11. Lugar de Fornas de Abaixo (Chantada).

12. As tarefas comezaron un sábado 24 de marzo e, ininterrompidamente, se prolongaron durante as fins de semana ata o domingo 3 xuño, data na que se fixo unha proba de flotabilidade no río Miño cruzando co barco de dornas dunha beira á outra.



Debuxo 2

antes de aplicarlle unhas maos de aceite de liñaza¹³ para protexer cada unha das dornas.

A celebración da cerimonia require de respectar os tempos e a orde das cousas. Cos troncos enteiros houbo que decidir cal sería a dianteira, bico, que remata en punta afiada e un pouco máis erguida que o resto da peza¹⁴. Sitúáronse de tal xeito que permitira o traballo en cada un deles por separado, pero coa proxi-

midade suficiente para logo unilos cas táboas que forman o piso (ver debuxo 3). O troncho danou irremediabilmente a madeira, sempre na dirección da veta, para logo fendela co machado. As cuñas, axudadas polos golpes alporizados da marra, conseguiron extraer cantidades de madeira que xa permitían imaxinar un tronco oco. A aixola completou o traballo antes de pasar ao lixado definitivo. Aquilo xa tiña trazas: dos 2083 kgs. de peso que tiña

o castiñeiro nun principio quedara reducido aos 360 kgs. das dúas dornas. Preparáronse a tempa, as travesas ou cadieiras, o piso, o cambón e o cepo do cambón para darlle a forma definitiva que a había de levar á auga (ver debuxo 4). Os remos foron feitos dunha soa peza de 5m. de lonxitude, tamén de madeira de castiñeiro, pero de diferente tamaño cada un deles xa que o barqueiro vai remando sentado nunha das dornas e cos pés apoia-

13. O aceite de liñaza quéntase a 50º aprox. para diluílo e que sexa absorbido pola madeira.

14. A traseira é aberta e tapada artificialmente cunha táboa chaira ou tempa.



Debuxo 3

dos na travesa central ou travesa dos pés (ver debuxo 1).

Un verdadeiro símbolo do patrimonio fluvial como o barco de dornas retomaba o seu camiño, agora adaptado ás novas necesidades da sociedade do século XXI¹⁵. Subido nun remolque tirado por un Nissan Almera cruzou tres veces o río Miño (pola ponte de Velle en Ourense, pola A-52 e pola Ponte Internacional de Tui-Valença) antes de chegar a Vila do Conde

onde o 23 e 24 de xuño do 2007 se celebraba un encontro de embarcacións tradicionais na desembocadura do río Ave. Un escenario marcado polas condicións meteorolóxicas non permitiu a súa estrea. Foi en Ferrol, no marco do VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galiza, entre o 6 e o 8 de xullo, cando fixo a súa presentación en sociedade. Tres semanas despois o barco de dornas foi de novo obxecto de admiración e de numerosos comentarios na Festa


do Rio 2007 celebrada en Monforte de Lemos.

A madeira sen curar necesitaba dun longo retiro invernal que lle foi concedido entre agosto do 2007 e o 17 de maio de 2008, cando reapareceu no inmemorable escenario da VIII Romaría Raigame que se celebra en Vilanova dos Infantes¹⁶.

Partiu, poucos días despois, rumbo á Bretaña nunha das mais longas

15. O patrimonio son os símbolos que permiten ás identidades colectivas sobrevivir ante o intento de mercantilización de todas as relacións humanas nas sociedades capitalistas.

16. Durante todos eses meses estivo nunha palleira protexido do norte e do sol, coas dornas cheas de auga, e onde recibiu novas maos de aceite de liñaza.



Debuxo 4

viaxes posibles por unha embarcación destas características, que tivo que facer en camión. O barco de dornas participou, xunto con moreas de embarcacións chegadas de diferentes partes do mundo, na Festa Marítima Brest 2008¹⁷ onde espertou o entusiasmo de mariñeiros e visitantes. De volta continuou a ruta por Bueu, Bouzas, O Grove... a petición de organizadores de eventos relacionados coa cultura marítima e fluvial.

Se a historia non ten final podemos considerar que o obxectivo está cumprido.

A IDEA DO BARQUEIRO

O barco de dornas é un símbolo máis da nosa cultura, e como tal ten un significado para quen o pensa, ben sexa na súa construción, navegando nel ou, simplemente, ollándoo dende a beira do río. Significado que ten sentido porque nace das vivencias das persoas, polo que non se pode entender o patrimonio exclusivamente pechado en salas de exposicións permanentes ou colgado en webs que o manteñen lonxe das lóxicas dos saberes prácticos que o crearon e recrearon.

Por iso o barco de dornas é antigo e moderno a un tempo, porque as cousas son para algo ou non son para nada, porque existen por algo ou non existen por nada, porque representa un noso xeito de dar respostas ás necesidades humanas noutra altura, de igual xeito que dá resposta á realidade dos nosos días xerando novas vivencias e novas praxis no mesmo medio natural no que naceu a forma elemental e evolucionou ata a que coñecemos na actualidade. Darlle novas formas e novos significados para continuar o curso dos feitos é responsabilidade de todas as xeracións, e nós non imos ser a excepción.

17. Na que compartiu espazo con embarcacións marítimas e fluviais –entre outras da Amazonia e do Sepik.